



**AXENCIA DE PROTECCION DA
LEGALIDADE URBANISTICA**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2014 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística creouse pola Lei 5/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como instrumento fundamental para velar pola utilización racional do solo conforme ó disposto no ordenamento urbanístico.

Crease deste xeito un ente público de natureza consorcial dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren na mesma das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo.

A Axencia iniciou o exercizo das funcións que ten encomendadas o día 18 de abril de 2008 co nomeamento do seu director e en cumprimento do preceptuado na Disposición Transitoria 2ª do Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os seus estatutos.

Actualmente a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística estrutúrase nos seguintes órganos directivos:

- Consello Executivo e
- Director/a.

O Consello Executivo é o órgano colexiado de dirección e control e está formado polos seguintes membros:

- O presidente, que é o/a director/a xeral competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia.
- Oito vocais, catro en representación dos concellos incorporados á Axencia e catro en representación da Comunidade Autónoma.

Reunirase polo menos unha vez cada tres meses por convocatoria da súa presidente, ben por propia iniciativa, ben a solicitude da metade dos vogais para o exercizo das funcións enumeradas no artigo 15 do Decreto 213/2007, de 30 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Ten atribuídas as seguintes funcións:

- a) Propo-la modificación dos estatutos da Axencia.
- b) Aproba-lo regulamento de réxime interior da Axencia.
- c) Elabora-lo anteproxecto de orzamentos de gastos e ingresos.
- d) Autoriza-los gastos por importe igual ou superior a 60.000 euros.
- e) Establece-las directrices de actuación da Axencia, fiscalizar a súa actividade e a xestión do/a seu/súa director/a.
- f) Informar preceptivamente o nomeamento e cese do/da director/a da Axencia.
- g) Aproba-lo plan anual de inspección urbanística.
- h) Informar preceptivamente os convenios de adhesión.
- i) Elabora-la proposta de estrutura orgánica e a relación de postos de traballo da Axencia.
- j) Propo-la separación forzosa de membros da Axencia.
- k) Resolve-los expedientes sancionadores tramitados pola Axencia segundo o establecido na lexislación urbanística ou na lexislación de costas, cando o/a instrutor/a do procedemento propoña a imposición dunha sanción entre 300.000 a 600.000 euros.
- l) Aproba-la memoria anual da xestión da Axencia, que deberá remitirse a todos os concellos adheridos para o seu coñecemento.
- m) E cantos asuntos relacionados coas competencias da Axencia lle someta o seu presidente/a.

O/a Director/a da Axencia é o órgano unipersonal e executivo e exerce as seguintes funcións:

- a) A representación ordinaria da Axencia.
- b) O exercizo das competencias atribuídas á Axencia no artigo 3 dos seus estatutos, excepto a atribuída ó consello executivo na letra k) do artigo 15º.
- c) A dirección e impulso da actividade da Axencia.
- d) A xefatura directa sobre o persoal da Axencia.

e) A contratación e adquisición de bens e servizos.

f) A execución dos acordos adoptados polo consello executivo.

g) A celebración de convenios con outras entidades, públicas o privadas, previa autorización do consello executivo.

h) A xestión económica da Axencia e autorización de gastos de contía inferior a 60.000 euros.

i) E todas as competencias da Axencia non atribuídas expresamente ó consello executivo.

E para o cumprimento da misión de velar pola utilización racional do solo conforme ó disposto no ordenamento urbanístico, a Axencia ten atribuídas as seguintes funcións, segundo o disposto nos artigos 226.4 da Lei 9/2002 e 3 do Decreto 213/2007:

- A inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso do solo.

- A adopción das medidas cautelares previstas na Lei 9/2002, en especial, as de suspensión dos actos de edificación e uso do solo que se realicen en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica ou incumprindo as condicións da autorización outorgada.

- A instrución dos expedientes de reposición da legalidade urbanística nos seguintes supostos:

a) obras realizadas sen licenza urbanística en terreos cualificados polo planeamento como zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicos.

b) obras realizadas en solo rústico sen a preceptiva autorización urbanística autonómica ou incumprindo as súas condicións.

c) actividades prohibidas en solo rústico.

d) obras executadas sen licenza urbanística municipal constitutivas de infracción urbanística grave ou moi grave, só no caso de que o concello non exerza as súas competencias;

- O exercizo da potestade sancionadora nos seguintes supostos:

a) comisión de infraccións urbanísticas moi graves.

b) comisión de infraccións urbanísticas graves cometidas en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica ou incumprindo as súas condicións.

- O exercizo das potestades delegadas polos concellos integrados na Axencia.

- O requirimento para a anulación de licenzas urbanísticas contrarias á normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral.

- O exercizo da potestade sancionadora e de reposición da legalidade por actuacións contrarias á Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, realizadas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

- O asesoramento e a asistencia ás Administracións Públicas integradas na Axencia; nas materias da súa competencia, e a proposta á consellería competente en materia de urbanismo de modificación ou adopción de normas legais ou regulamentarias necesarias para o mellor cumprimento da legalidade urbanística.

- E, en xeral, calquera outra competencia que en materia de disciplina urbanística lle corresponda exercer á Comunidade Autónoma.

PRINCIPALIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2014

Para a fixación das principais liñas de acción para o período 2014 da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tivéronse en conta 3 premisas fundamentais:

a) A recente e cada vez maior preocupación social pola materia urbanística e, mais en concreto, pola disciplina e potestade sancionadora neste eido. Non pode esquecerse que nos últimos anos desenvolvéronse ó longo da xeografía española actuacións xudiciais e policiais que puxeron en evidencia a existencia de numerosos ilícitos urbanísticos.

b) A crecente importancia das políticas de ordenación do territorio e de protección do medio ambiente e

c) A relación existente entre as competencias autonómicas e locais nesta materia, que esixe o exercizo coordinado do conxunto de potestades integradoras da mesma para un axeitado exercizo da competencia urbanística.

Sentado o anterior, o primeiro a destacar é que o obxectivo xenérico desta Axencia céntrase principalmente en mellora-la vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral para velar polo cumprimento da legalidade urbanística. Partindo deste obxectivo xenérico as accións concretas a realizar son:

- A PREVENCIÓN E PERSECUCIÓN DAS INFRACCIÓNS URBANÍSTICAS E DE COSTAS, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia e inspección do territorio para detectar obras en execución sen licenza municipal ou autorización autonómica; outorgar ó persoal formación especializada para mellorar a calidade e eficacia da disciplina urbanística, facilitando a súa participación en conferencias e cursos; a promoción de investigacións para determina-los feitos e identifica-los presuntos responsables da comisión de infraccións graves ou moi graves; a paralización e/ou incoación prioritaria e

urxente de expedientes de reposición da legalidade de obras en curso de execución sen licenza municipal ou autorización autonómicas preceptivas e cuxo prazo de caducidade estea próximo a cumprirse; a imposición de multas coercitivas no caso de incumprimento voluntario da orde de demolición ou a súa execución subsidiaria transcorrido un ano dende a súa executividade.

- A CONSECUCIÓN DA MÁXIMA COORDINACIÓN, COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS CONCELLOS PARA A CONSECUCIÓN DE ÓPTIMOS RESULTADOS NO EIDO DO URBANISMO, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia do cumprimento por parte dos concellos do seu deber de revisar licenzas contrarias ó ordenamento xurídico; dar a coñecer a actividade e as funcións da Axencia ós concellos galegos non adheridos á mesma ou o asesoramento ós concellos na interpretación da normativa urbanística.

E que, en última instancia, toda a actuación da Administración Pública diríxese á protección do benestar dos cidadáns e, en materia urbanística, esta finalidade última da actividade administrativa maniféstase na promoción do seu dereito a un medio urbano e rural axeitado para o desenvolvemento da persoa, consonte ó disposto no artigo 45 da Constitución Española de 1978, na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

1.1.1. EIXO E OBXECTIVO ESTRATÉXICOS

EIXO	
E4- Sostenibilidade Mediambiental e Equilibrio Territorial	
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	
OE02 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	

1.1.2. MEDIDAS, ACTUACIÓNS E INDICADORES

MEDIDA				
CÓDIGO	MEDIDA	2014	2015	2016
M99	Soporte xeral. Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única			
ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
001AA	Detectar obras en execución sen licenza municipal ou autorización autonómica/Vixilancia e inspección do territorio.			
INDICADORES				
	UNIDADES	2014	2015	2016
Expedientes informativos existentes		1.600	1.700	1.750

ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
001AB	Dar formación especializada ó persoal para mellorar a calidade e eficacia da disciplina urbanística, facilitando a súa participación en conferencias e cursos/ Formación do persoal			

INDICADORES				
	UNIDADES	2014	2015	2016
Colaboración Escola Galega de Admón Pública cursos de inspección		2	2	2

ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
001BA	Investigación para a determinación dos feitos e identificación dos presuntos responsables da comisión de infraccións graves ou moi graves/ Tramitación expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionadores			

INDICADORES				
	UNIDADES	2014	2015	2016
Expedientes de reposición da legalidade iniciados		350	410	430
Expedientes de reposición da legalidade resoltos		350	410	430

ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
001BB	Procurar a execución das ordes de demolición de forma voluntaria por parte dos obrigados/ Execución ordes de demolición			

INDICADORES				
	UNIDADES	2014	2015	2016
Ordes de demolición executadas voluntariamente		80	94	98

ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
002BB	Imposición multas coercitivas no caso de incumprimento voluntario da orde de demolición/ Execución ordes de demolición			

INDICADORES				
	UNIDADES	2014	2015	2016
Multas coercitivas impostas		650	750	800

ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
003BB	Execución subsidiaria da orde de demolición transcorrido un ano dende a súa executividade/ Execución ordes de demolición			

INDICADORES				
	UNIDADES	2014	2015	2016
Ordes de demolición executadas subsidiariamente		7	8	9

ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
001BC	Vixilancia do cumprimento por parte dos concellos do seu deber de revisar licenzas contrarias ó ordenamento xuridico/Impugnación licenzas ilegais			

ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
001CA	Dar a coñecer a actividade e as funcións da APLU ós concellos galegos non adheridos á mesma/Sinatura de convenios de adhesión entre a APLU e os concellos galegos.			

INDICADORES				
	UNIDADES	2014	2015	2016
Convenios de adhesión asinados		7	8	9

ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
001CB	Redacción de informes urbanísticos en resposta ás consultas formuladas polos concellos, co fin de asegurar que os actos de edificación e uso do solo se acomodan á normativa vixente/Asesoramento ós concellos en interpretación da normativa urbanística			

INDICADORES				
	UNIDADES	2014	2015	2016
Informes urbanísticos de asesoramento emitidos		25	30	35

1.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

1.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

O orzamento de Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para o exercicio 2014 acada a cifra de 5.321.099,10 euros, no que se refire ós seus estados de ingresos e gastos.

ORZAMENTO DE INGRESOS: A previsión de recursos estimada correspóndese ós INGRESOS CORRENTES, que proveñen dos seguintes conceptos:

- * Taxas por servizos administrativos, mais concretamente, por fotocopias compulsadas de expedientes en poder da Administración.

- * Xuros de demora.

- * Sancións urbanísticas impostas.

- * Multas coercitivas.

- * Execucións subsidiarias.

- * Transferencias correntes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

- * Transferencias do concellos pola sinatura dos convenios de adhesión á Axencia.

- * Xuros de contas correntes.

ORZAMENTOS DE GASTOS:

- GASTOS DE OPERACIÓN CORRENTES: Acadan un importe de 3.261.099,10 euros e engloban os seguintes conceptos:

* Custos de persoal, polo importe de 2.998.726 euros.

* Gastos en bens correntes e servizos, que contén as asignacións precisas nas diversas partidas para atender os gastos correntes do funcionamento dos servizos administrativos e, en xeral, tódolos servizos necesarios para o axeitado funcionamento a Axencia.

- GASTOS DE OPERACIÓN DE CAPITAL: Acadan un importe total de 2.060.000 euros e se corresponden cos gastos nos equipos para procesos de información, nos vehículos para a inspeccións urbanísticas e nas demolicións ilegais a executar subsidiariamente por esta Axencia.

Neste apartado debe sinalarse que os vehículos de inspección agora existentes atópanse nun deficiente estado de conservación fundamentalmente pola súa antigüidade, provindo moitos deles de cesións efectuadas por distintos órganos da Xunta de Galicia, xerando uns gastos correntes por reparacións e inspeccións técnicas que ascenderon no ano 2012 ó importe aproximado de 5.000 €, sendo previsible o aumento dos mesmos co transcurso do tempo e, incluso, a imposibilidade da súa reparación. Debe terse especialmente en conta que dispoñer de vehículos en perfecto estado de funcionamento é fundamental para que esta Axencia poda desenvolver as funcións que ten legalmente encomendadas, toda vez que son os subinspectores dos Servizos Provinciais os que efectúan as inspeccións urbanísticas, tendo que desprazarse en coche por todos os concellos da provincia. A súa actividade, que se plasma nas actas de inspeccións, constitúe o punto de partida de todo o traballo desta Axencia e para o seu desempeño é absolutamente imprescindible dispoñer de vehículos en perfecto estado de funcionamento.

Pola súa banda, en relación ó importe das demolicións ilegais, correspondese cos expedientes de execución subsidiaria xa iniciados nesta Axencia.

INGRESOS

SUBVENCIÓN DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS

SUBVENCIÓN DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2012	2013	2014
DO ESTADO			
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	3.082.382,20	2.430.113,00	2.195.599,10
DA UNIÓN EUROPEA			
TOTAL	3.082.382,20	2.430.113,00	2.195.599,10

GASTOS

GASTOS DE PERSOAL

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2012			2.897.129,51			
ESTIMADO	2013			2.999.912	+ 3.5477%		
	2014			2.998.726	-0.0395%		

I.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

ORIXES

SUBVENCIONS DE CAPITAL RECIBIDAS.

SUBVENCIONS DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2012	2013	2014
DO ESTADO			
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	0,00	3.655,00	0,00
DA UNIÓN EUROPEA			
TOTAL	0,00	3.655,00	0,00

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014			
ESTADO DE GASTOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE			
AXENCIA PROTECCION LEGALIDADE URBAN.			
	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
1.Gastos de persoal	2.897	3.000	2.999
1.1. Dos cales: gastos de Seguridade Social	619	629	629
2.Gastos en bens correntes e servizos	199	265	262
3.Gastos financeiros			
3.1. Xuros			
3.2. Resto de gastos financeiros			
4.Transferencias correntes			
4.1. Ao Sector Público			
- Ao Estado			
- A Organismos da Administración Central, (especificar)			
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma			
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. (Especificar)			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP (Anexo 1)			
. Universidades de la C.A.			
- A Entidades Locais			
- A Consorcios			
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP			
- Ao resto de entidades do sector público			
4.2. Ao sector privado			
- Feoga-Garantía			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
6. Investimentos reais	26	355	2.060
6.1. Terreos			
6.2. Inmovilizado Inmaterial	4	5	5
6.3. Investimentos efectuados a través de sociedades instrumentais			
6.4. Investimentos efectuados por encargo a través de Sociedades Públicas			
6.5. Resto de investimentos reais	22	350	2.055
7.Transferencias de capital			
7.1. Ao Sector Público			
- Ao Estado			
- A Organismos da Administración Central, (especificar)			
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma			
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. (Especificar)			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP			
. Universidades de la C.A.			
- A Entidades Locais			
- A Consorcios			
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP			
- Ao resto de entidades do sector público			
7.2. Ao sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
TOTAL NON FINANCEIRO	3.121	3.620	5.321
8. Activos financeiros	1.909		
8.1. Aportacións de capital a entidades da C.A. en AAPP			
8.2. Resto de activos financeiros	1.909		
9. Pasivos financeiros			
TOTAL	5.030	3.620	5.321

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014			
ESTADO DE INGRESOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE			
AXENCIA PROTECCION LEGALIDADE URBAN.			
	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
3. Tasas e outros ingresos	1.931	1.176	3.111
3.1. Tasas académicas			
3.2. Outras taxas e precios públicos	1	1	1
3.3. Outros ingresos	1.930	1.175	3.110
4. Transferencias correntes	3.095	2.435	2.200
4.1. Do Sector Público	3.095	2.435	2.200
- Do Estado			
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)			
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	3.082	2.430	2.196
- De Entidades da C.A. recollidas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A.			
. Universidades da C.A.			
- Das Entidades Locales	13	5	5
- Dos Consorcios			
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP			
- Do resto de entidades do sector público			
4.2. Da Unión Europea			
- Do Fondo Social Europeo			
- Outras de la Unión Europea(ESPECIFICAR)			
4.3. Do Sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
5. Ingresos patrimoniais	4	5	10
5.1. Xuros	4	5	10
5.2. Outros ingresos patrimoniais			
6. Alleamento de investimentos reais			
6.1. Terreos			
6.2. Resto de investimentos reais			
7. Transferencias de capital		4	
7.1. Do Sector Público		4	
- Do Estado			
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)			
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma		4	
- De Entidades d C.A. incluídas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP			
. Universidades da C.A.			
- Das Entidades Locais			
- Dos Consorcios			
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP			
- Do resto de entidades do sector público			
7.2. Da Unión Europea			
- Do FEDER			
- Outras da Unión Europea			
7.3. Do Sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
TOTAL NON FINANCEIRO	5.030	3.620	5.321
8. Activos financeiros			
8.1. Remanente de Tesourería			
8.2. Outros activos financeiros			
9. Pasivos financeiros			
TOTAL	5.030	3.620	5.321